

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I03P	<i>Expediente</i> CON/105/2012	



ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 11 de febreiro de 2016, ás 9 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales: Dna. Noa Morales representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
Dna. Inmaculada Vía Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe de Servizo de Contratación.

Reúnese a mesa de contratación en execución do Acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 29 de xaneiro de 2016 no que se dá conta da sentenza do TSXG de data 23/10/2015 que anula o acordo da propia Xunta de data 5/09/2013 polo que se adjudicaba á empresa CLECE SA o contrato de referencia e obriga ao Concello a retrotraer o expediente de contratación e á admisión e valoración da proposición presentada a esa licitación pola empresa Servicios y Materiales SA.

Aos efectos de dar cumprimento á sentenza consonte ao establecido no artigo 22.1.e) do RD 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, a mesa acorda solicitar a Dna Sagrario Liaño, técnico da Diputación Provincial de A Coruña, a súa colaboración na emisión do informe valorativo toda vez que foi esta funcionaria a que efectuou a valoración das proposicións no procedemento convocado.

Postos en contacto co Oficial Maior da Diputación, confirman que Dna Sagrario Liaño xubilouse, polo que a mesa acorda encomendar a emisión do informe valorativo a persoal municipal.

A estes efectos propónse as técnicas Dna Susana Papín Fernández e Dna M^a Carmen de la Cruz Pérez para a realización deste traballo, as que se lles facilitará o expediente.

Ás 10.10 horas levántase a sesión. Eu, como secretaria, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I03P	<i>Expediente</i> CON/105/2012	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN 2016

LICITACIÓN: Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 17 marzo de 2016, ás 9:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales: D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muñíos representante do grupo PSOE.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe de Servizo de Contratación.

O concelleiro de educación, ante o escrito de Dna. Mª Carmen de la Cruz Pérez no que pon de manifesto a imposibilidade desta traballadora para a realización da valoración da oferta de SERMASA, propón á mesa a súa substitución por Dna. Margarita Vázquez Teo, traballadora adscrita ó departamento de Servizos Sociais.

Os membros da mesa aceptan a proposta por unanimidade.

Ás 10.10 horas levántase a sesión. Eu, como secretaria, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON10I03P	Expediente CON/105/2012	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN 2016

LICITACIÓN: Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 19 abril de 2016, ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales:

D. Xan Duro representante do grupo CA
D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
D. Ruben Cela representante do grupo BNG
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe de Servizo de Contratación.

Tamén asisten: Dna Susana Papín Fernández e Dna Margarita Vázquez Teo, técnicas nomeadas para realizar a valoración da oferta de SERMASA.

Reúnese a mesa de contratación en execución do Acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 29 de xaneiro de 2016.

Iniciada a xuntanza eu, secretaria, tomo a palabra para realizar as seguintes precisións sobre os seguintes aspectos do informe que se presenta:

* Na páxina 7 do informe nº 1, as informantes, logo de expoñer a consulta realizada ao departamento de contratación mediante correo electrónico o 11/04/2016 sinalan o seguinte: "O 12/04/2016 acoden ao servizo de contratación e a secretaria da mesa de contratación procede á comprobación do expediente" sen facer mención expresa do resultado da comprobación aínda que se realizou ese mesmo día na súa presenza."

* Aos efectos de deixar constancia das conclusións desa comprobación QUE NON REFLEXAN NO SEU INFORME para evitar calquera tipo de dúbida sobre o cumprimento dos requirimentos formais do prego por parte da empresa SERMASA, que, por outra parte, foron obxecto de análise pola mesa de contratación no trámite correspondente, e, asimismo, para evitar calquera tipo de dúbida sobre a actuación desta secretaria se manifesta que eu verifiquei diante das dúas técnicos asinantes do informe que constaba na documentación orixinal do sobre nº 3 presentado pola empresa SERMASA unha relación dos documentos contidos nese sobre debidamente asinada polo contratista.

* Eu fago constar ademais que as informantes tiveron a súa disposición para facer o informe a TOTALIDADE dos documentos orixinais dos que consta o expediente CON/105/2012 que se atopa no departamento de contratación.

Ao respecto destas cuestións, manifesta o sr. Castiñeira que a verificación do cumprimento formal dos requisitos do prego por parte da proposición de SERMASA foi xa obxecto de análise por parte da mesa de contratación correspondente, polo que non sería precisa a súa comprobación por parte das informantes.

Realizadas estas precisións comenza a Sra. Papín a expoñer a metodoloxía do estudo valorativo expresadas no inicio do informe. A este respecto a Interventora solicita se aclare o indicado na páxina 7 no seu punto 2 cando as técnicas sinalan : "Queremos deixar constancia das dificultades e das limitacións que se poden producir a hora de valorar unha proposta, con carácter aillado e sen comparar cos proxectos presentados á licitación e que foron obxecto no seu momento de valoración por outra técnica..." "Polo exposto trasladámoslle a mesa de contratación pra a súa toma en consideración"

Expoñen as informantes "as dificultades e as limitacions que nos atopamos ao valorar un proxecto educativo sen ter en contra outros proxectos. Se ben, para a súa análise, tomouse como referencia o recollido nos pregos de prescricións técnicas e o de prescricións administrativas, reitores da contratación, ademais da normativa aplicable á etapa de educación infantil (1º ciclo). En base

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I03P	<i>Expediente</i> CON/105/2012	

15078DCON10I03P2



a estes documentos, procedeuse a análise do Proxecto Educativo obxecto de valoración e recollendo no informe una descrición e valoración dos aspectos non avaliábles mediante cifras”.

Esta cuestión suscita un debate entre os membros da mesa posto que, cando se encomenda a valoración da oferta presentada por SERMASA, sen entrar novamente nas outras ofertas, e na na convicción de que se estaba executando a sentenza da mellor forma posible sen que outros licitadores poideran verse perxudicados nos seus intereses e, considerando, da lectura dos pregos e do informe valorativo anterior (o asinado por Dna. Sagrario Liaño Pedreira....) que a valoración dunhas ofertas non condicionaba a das outras.


Tras este intenso debate a mesa acorda por unanimidade que a execución dos estritos termos da sentenza esixe que sexan valoradas de xeito conxunto e polas mesmas persoas para evitar calquera tipo de disfuncionalidade, polo que se encomenda a D^a Susana Papín e D^a Margarita Vázquez a valoración da totalidade das ofertas admitidas á licitación consonte aos criterios avaliábles e non avaliábles mediante cifras e porcentaxes, para o que disporán da documentación orixinal que consta no departamento de contratación.

Toma a palabra a Sra. Papín para poñer de manifesto que na valoración das ofertas por parte da técnico da Diputación de A Coruña, a mesa de contratación sentou unha serie de criterios interpretativos sobre determinadas cuestións prantexadas á vista das proposicións polo que pregunta si se deben manter estes na valoración que se realice nesta ocasión.

A mesa acorda por unanimidade manter os citados criterios interpretativos segundo consta nas actas das xuntanzas das anteriores mesas de contratación.

Sendo as 10 horas e 15 minutos levántase a sesión . Eu, como secretaria, Dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
Documento CON10I03P	Expediente CON/105/2012



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN 2016

LICITACIÓN: Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 5 de xullo de 2016, ás 9:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales:

D. Xan Duro representante do grupo CA
D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP
D. Ruben Cela representante do grupo BNG
Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.
D. José Ramón Alonso Fernández, en funcións de Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe de Servizo de Contratación.

Tamén asisten: Dna Susana Papín Fernández e Dna Margarita Vázquez Teo, técnicas nomeadas para realizar a valoración da oferta de SERMASA.

Comezo eu, secretaria dando lectura ao correo electrónico remitido polas técnicos Susana Papín e Margarita Vázquez no que solicitan a rectificación da acta anterior no sentido de clarear o texto da acta en referencia á aplicación dun criterio técnico diferente. Recollese na acta a literalidade da aclaración.

En segundo lugar solicitan á mesa que se manifeste sobre si é necesario iniciar a valoración da totalidade das ofertas presentadas á licitación consonte aos criterios avaliáveis e non avaliáveis mediante cifras e porcentaxes en cumprimento da citada sentenza.

Sobre esta consulta eu secretaria dou lectura a acta da anterior reunión da mesa que dí o seguinte: "*Tras este intenso debate a mesa acorda por unanimidade que a execución dos estritos termos da sentenza esixe que sexan valoradas de xeito conxunto e polas mesmas persoas para evitar calquera tipo de disfuncionalidade, polo que se encomenda a Dª Susana Papín e Dª Margarita Vázquez a valoración da totalidade das ofertas admitidas á licitación consonte aos criterios avaliáveis e non avaliáveis mediante cifras e porcentaxes, para o que disporán da documentación orixinal que consta no departamento de contratación*".


Dada a claridade da acta reiterase aos técnicos informantes que a mesa acorda por unanimidade que a execución dos estritos termos da sentenza esixe que as ofertas admitidas á licitación sexan valoradas de xeito conxunto e polas mesmas persoas para evitar calquera tipo de disfuncionalidade.

Sendo as 10 horas e 28 minutos levántase a sesión . Eu, como secretaria, Dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
<i>Documento</i> CON10I03P	<i>Expediente</i> CON/105/2012

15078DCON10I03P2



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN 2016

LICITACIÓN: Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 14 de xullo de 2016, ás 8:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales:

D. Concepción Fernández representante do grupo CA
D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE
D. Ruben Cela representante do grupo BNG
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Intenventora Xeral Municipal.
D. José Ramón Alonso Fernández, en funcións de Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe de Servizo de Contratación.

Tamén asisten: Dna Susana Papín Fernández e Dna Margarita Vázquez Teo, técnicas nomeadas para realizar a valoración das ofertas admitidas á licitación.

Toma a palabra a sra. Papín Fernández para dar conta da metodoloxía empregada na valoración das ofertas e detallar o contido do informe mesmo que se incorpora á presente acta como anexo.

Ante preguntas da sra interventora, a técnico manifesta que existen diferencias cuantitativas na puntuación asignada as empresas con respecto ao informe realizado pola técnico da Diputación de A Coruña, se ben no sentido de que se incrementan en xeral as citadas puntuacións.


Do traballo valorativo despréndese que a oferta máis ventaxosa sería a correspondente á empresa SERVICIOS Y MATERIALES SA, polo que procede requerirle a documentación previa á adxudicación segundo artigo 17 do prego de cláusulas administrativas.

Posto que estamos ante un suposto de execución de sentenza, a mesa acorda solicitar un informe á asesoría xurídica relativo á forma axeitada de proceder á esta execución toda vez que o contrato se atopa en execución pola empresa CLECE SA no seu primeiro ano de prórroga.

O presidente traslada as técnicos informantes o seu agradecemento e recoñecemento polo traballo realizado.

Sendo as 9 horas e 12 minutos levántase a sesión . Eu, como secretaria, Dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I03P	<i>Expediente</i> CON/105/2012	

15078DCON10I03P2
² 15078DCON10I03P2p»
² 15078DCON10I03P2p»

ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.

TIPO DE LICITACIÓN: O concello aboará ó concesionario un canon máximo anual de 427.229'90 euros. euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 2 de agosto de 2016, ás 9.15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocales: Dna. María Rozas, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
Dna. Inmaculada Vía Carregal, intendentora xeral municipal.
D. Xaquín Montegudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. José Ramón Alonso Fernández, vicesecretario do Concello de Santiago.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, SERVICIOS Y MATERIALES SA, a requerimento da Resolución do Sr. Alcalde do 18-xullo-2016, consideran acreditada a mesma,.

Así mesmo, preséntase e incorpórase ó expediente, informe da asesoría xurídica que lle fora solicitado na última reunión desta mesa, relativo á decisión a adoptar para levar a cabo correctamente a execución da sentenza que da pé a esta revisión do expediente. O informe analiza a situación e conclúe que procede que a mesa propoña a xunta de goberno a nova adxudicación do contrato con suxección ós pregos de aplicación e á proposta elexida.

En consecuencia, e de conformidade cos termos dese informe, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador SERVICIOS Y MATERIALES SA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 388.779,21 euros (exente de IVE), para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Unha vez acreditado o aboamento destas cantidades, dárse traslado ó órgano de contratación desta nova proposta de adxudicación.

Ás 9:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CON10I0SS	<i>Expediente</i> CON/105/2012	<i>Fecha</i> 08-08-16 08:53



INFORME DA SECCIÓN DE CONTRATACIÓN

Analizada a documentación presentada pola empresa SERVICIOS Y MATERIALES SA, que foi proposta para a xestión do servizo das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas, e que ten por finalidade acreditar o depósito das cantidades que lle foron esixidas en concepto de **garantía definitiva**, taxas pola formalización do contrato e timbres municipais, esta sección de contratación informa que as cantidades depositadas axústanse ás que lle foron requeridas en resolución de Alcaldía de 2 de agosto pasado, e que, polo tanto, a devandita empresa pode ser proposta como adxudicataria ó órgano de contratación.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2016 .

O xefe de sección
Asdo. Román Otero Ferreiro

